

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 1 DE XULLO DE 2016

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1603/2015.- JB CAO, S.L.- Conceder a licenza para ampliación dunha nave industrial existente para uso como cámara de frío en Vía Pasteur (de) nº 4.

LIC/46/2016.- JUAN IGLESIAS ALCALDE.- Conceder a licenza para executar as obras de adaptación da cuberta do edificio de vivendas á legalidade urbanística alterada na rúa do Franco nº 16.

LIC/809/2015.- MARÍA CARMEN MIRAMONTES BOTANA.- Conceder a licenza para executar as obras de reforma da cuberta dunha vivenda unifamiliar en rúa Pardales de Abaixo nº 3.

LIC/1832/2015.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.- Conceder a licenza para executar as obras de instalación dun ascensor en edificio de vivendas sita na rúa de Touro nº 3.

CORRECCIÓN DE ERRO.-

LIC/198/2016.- MARIA ELENA PORTO TORRES.- Corrixir o erro material detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de abril de 2016 relativo ao nome do depositario da garantía.

PROPOSTA DO CONCELEIRO DELEGADO DE ESPAZOS CIDADÁNS, DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE EN RELACION CA SOLICITUDE DE LEVANTAMENTO DA MEDIDA CAUTELAR DE PECHE DA ACTIVIDADE DE DISCOTECA DESENVOLTA POR DON JOSÉ REGUEIRO LÓPEZ.

DIS/43/2016.- DISCOTECA APOLO.- Estimar expresamente a solicitude de levantamento da medida cautelar de peche da actividade de discoteca desenvolta por D. José Regueiro López no local sito en rúa Santiago del Estero nº 8 e permitir a reapertura da Discoteca Apolo.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para ampliación dunha nave industrial existente para uso como cámara de frío en Vía Pasteur (de) nº 4. LIC/1603/2015. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de adaptación da cuberta do edificio de vivendas á legalidade urbanística alterada na rúa do Franco nº 16. LIC/46/2016. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reforma da cuberta dunha vivenda unifamiliar en rúa Pardales de Abaixo nº 3. LIC/809/2015. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de instalación dun ascensor en edificio de vivendas sita na rúa de Touro nº 3. LIC/1832/2015. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á corrección de erro material detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de abril de 2016 relativo ao nome do depositario da garantía. LIC/198/2016. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de levantamento da medida cautelar de peche da actividade de discoteca desenvolta por D. José Regueiro López no local sito en rúa Santiago del Estero nº 8 e permitir a reapertura da Discoteca Apolo. DIS/43/2016. Apróbase a proposta

8.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á determinación da Asesoría Xurídica do concello como servizo prioritario. Acórdase declarar como prioritarias as funcións que se desenvolven na Asesoría Xurídica para os efectos de nomeamento de funcionarios interinos ou de contratación de persoal laboral temporal.

9.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao servizo para a posta en marcha dos Orzamentos Participativos para o ano 2017. Comunícaselle á Xunta de Goberno que a empresa Cidadanía, Rede de Aplicacións Sociais Sociedade Cooperativa Galega, titular do contrato para a prestación do servizo de elaboración dos orzamentos participativos, subcontratará coas empresas Numax Sociedade Cooperativa Galega (20,03%), Changetomorrow (6,25%) e Control Suprimir (6,25%) unha serie de traballos que se cuantifican nun 32,53% do importe total do contrato.

10.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concertación dunha operación de crédito. Apróbase o expediente para a contratación dunha operación de crédito a curto prazo por importe de oito millóns de euros, para facer fronte a necesidades transitorias de tesourería. O custo da operación, baixo a premisa dun tipo de xuro do 0,38%, será de 4.767 euros.

11.- Servizo de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios municipais do termo municipal excluído o ámbito do recinto intramuros da Cidade Histórica de Santiago de Compostela (2016). Lote 1: Ámbito plan especial PE-1 da Cidade Histórica excluído o recinto intramuros. Lote 2: Ámbito urbano e periurbano excluído o plan especial PE-1 da Cidade Histórica. Lote 3: Ámbito medio rural. Apróbase o expediente e apertura do procedemento de adxudicación do servizo, por un importe total de 991.735,54 euros, máis IVE. O servizo adxudicarase en tres lotes, cos seguintes importes:

_Lote I (ámbito do Plan Especial excluído intramuros): 185.950,41 euros máis IVE

_Lote II (ámbito urbano e periurbano excluído o Plan Especial): 578.512,40 euros máis IVE

_Lote III (ámbito do medio rural): 227.272,73 euros máis IVE

12.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello e o centro universitario internacional de Barcelona, para a participación en materia de educación e emprego a través de programas de cooperación educativa/prácticas. Apróbase a proposta.

13.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade relativa á aprobación da programación e actividades resultantes dos orzamentos participativos. Apróbase a programación, cun orzamento total de 100.000 euros. Executaranse 11 actividades distintas, entre as que figuran ciclos de cine ao aire libre, programas de concienciación sobre a violencia de xénero, campañas de sensibilización contra o maltrato animal, encontros musicais ou campamentos urbanos, entre outras.

14.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao reaxuste de retribucións do persoal do Servizo de Extinción de Incendios de Santiago. Apróbase a proposta.

15.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación das bases e convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do deporte federado ano 2016. Apróbase a convocatoria de subvencións, que contarán cun orzamento total de 230.000 euros. As solicitudes deberán presentarse nun prazo máximo de 20 días naturais, a contar a partir da publicación da convocatoria no BOP.

16.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión dunha bonificación no IBI. Apróbase a proposta.

17.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de exencións nas taxas por saneamento e depuración de augas residuais, subministración de auga e conservación de contadores, e servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Apróbase a proposta.

18.- IBI: solicitude de beneficio fiscal-Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles. Apróbase a proposta.

63.- Dar conta da sinatura do convenio marco de colaboración entre o Concello de Santiago,o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia e a entidade pública empresarial ADIF-Alta velocidade, para o desenvolvemento da futura estación intermodal de Santiago e o seu entorno urbano. Dáse conta.

64.- Dar conta da sinatura do convenio entre o concello e FEAFES para autorización de uso en precario de vivendas municipais. Dáse conta.

URXENCIAS

1.-Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a asociación cultural Cidade Vella. Apróbase o convenio, que supón unha achega do Concello de 28.190 euros.

2.-Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Museo do Pobo Galego. Apróbase o convenio, que supón unha achega do Concello de 10.000 euros.

3.-Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Asociación do Traxe Galego. Apróbase o convenio, que supón unha achega do Concello de 3.825 euros.

4.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de axudas correspondentes á Fase 13-Recuperación de Axudas dá Rehabilitación do casco histórico. Apróbase de forma definitiva a concesión de axudas por un importe total de 92.761,74 euros, dos que 56.008,87 euros son achegados polo Ministerio de Fomento e 36.752,87 polo IGVS. Apróbase tamén a revogación de axudas por un importe de 72.319,37 euros porque os seus concesionarios non executaron e xustificaron as obras en prazo.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á adxudicación do contrato “Proxecto básico e de execución de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre Fase III”: Adxudícase o contrato á UTE Construcción Iglesias Mera S.L-Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A, por un importe de 518.355,63 euros (IVE aparte de 21%: 108.854,68 euros).